

## Instalación COMPLETA PARA WINDOWS 98:

### Requirimentos mínimos:

- \* Windows 98 ou superior
- \* 128 Mbytes RAM (64Mb Mínimo, 256Mb Recomendado)
- \* 300 Mbytes de espazo dispoñible
- \* Resolución 800 x 600 ou superior con polo menos 256 cores

### Instalación:

- 1.Executar o ficheiro OOo\_2.0.3\_Windows98\_galego.exe
- 2.Prema en Seguinte (Next) na pantalla de benvida á preparación da instalación.
- 3.Elixa o cartafol de destino onde se descomprimirán os ficheiros de instalación do OpenOffice e prema en Descomprimir.
- 4.Unha vez feito isto o programa de instalación arrancará automaticamente.
- 5.Para comezar a instalación deberá premer en Seguinte na pantalla de benvida á instalación.
- 6.Lea a licenza e escolla Acepto os termos da licenza. Prema en Seguinte.
- 7.Encha o formulario da pantalla Información do usuario, e prema en Seguinte.  
A información de usuario non é obrigatoria e pode modificarse posteriormente.
- 8.Escolla Instalación completa e prema en Seguinte.
- 9.Escolla os tipos de documentos que desexa utilizar con OpenOffice.org. Prema en Seguinte.
- 10.Para continuar a instalación prema en Instalar.
- 11.Unha vez finalizada a instalación prema en Concluir.

## Instalación PAQUETE DE IDIOMA PARA WINDOWS:

Paquete de idioma galego para OpenOffice: necesita ter instalada a versión 2.0.3 do OpenOffice en calquera outro idioma.

### Instalación:

- 1.Executar o ficheiro OOo\_2.0.3\_Windows98\_langpack\_galego.exe.
- 2.Prema en Seguinte (Next) na pantalla de benvida á preparación da instalación.
- 3.Elixa o cartafol de destino onde se descomprimirán os ficheiros de instalación do paquete de idioma do OpenOffice e prema en Descomprimir.
- 4.Unha vez feito isto o programa de instalación arrancará automaticamente.
- 5.Para comezar a instalación deberá premer en Seguinte na pantalla de benvida á instalación.
- 6.Lea a licenza e escolla Acepto os termos da licenza. Prema en Seguinte.
- 7.Escolla o cartafol onde está instalada a versión 2.0.3 do OpenOffice (por defecto xa aparece seleccionado) e prema en Seguinte.
- 8.Para continuar a instalación prema en Instalar.
- 9.Unha vez finalizada a instalación prema en Concluir.